# PROGRAMACIÓN

# Departamento de Francés

# 2º ESO 2022 2023

| 1.- INDICE | | Páxina |
|---|---|---|
| 1 | ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN | 1-4 |
| 2 | CONCEPTOS CLAVE DA PROGRAMACIÓN | 4-7 |
| 3 | CONTEXTO | 7-9 |
| | Características do centro e do alumnado. | |
| | Obxectivos adaptados ao contexto | |
| 4 | SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN | 10-11 |
| | Secuenciar e temporalizar os contidos por unidades e /ou proxectos | |
| 5 | RELACIONAR PARA CADA UNIDADE: | 12-17 |
| | Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares | |
| | Grao mínimo de consecución | |
| | Peso na cualificación | |
| | Instrumentos de avaliación | |
| | Temas transversais | |
| 6 | METODOLOXÍA DIDÁCTICA: | 17-19 |
| | Estratexias metodolóxicas | |
| | Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos | |
| 7 | AVALIACIÓN | 20- 25 |
| | Avaliación inicial | |
| | Procedemento para a avaliación inicial | |
| | Avaliación continua | |
| | Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar | |
| | Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc. | |
| | Elaboración da nota media | |
| | Recuperación dunha proba ou exame | |
| | Recuperación dunha avaliación | |
| 8 | OUTRAS AVALIACIÓNS | 25- 30 |
| | Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente | |
| | Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino | |
| | Indicadores de logro da práctica docente | |
| | Avaliación da programación didáctica | |
| | Indicadores de logro sobre a programación didáctica | |
| 9 | ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 31-32 |
| | Medidas ordinarias: Organizativas e curriculares | |
| | Medidas extraordinarias: Organizativas e curriculares | |
| 10 | ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 32 |
| | Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA. | |
| 11 | DATOS DO EQUIPO DE NIVEL | 33 |
| 12 | RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/07/2015 (DOG 29) | 34 |

**DEBIDO Á COVID-19**

Dado as circunstancias excepcionais que estamos a vivir, o Departamento debe prever todos os escenarios posibles coa finalidade de desenvolver o curso académico da mellor maneira posible.

Ademais do libro de texto, completarase os contidos con material elaborado polas profesoras.

Todas as fichas, dossiers e demais material complementario estará colgado na aula virtual do centro, de modo que todo o alumnado matriculado poida seguir as clases.

Os criterios de cualificación podrán modificarse según as novas instruccións por parte da Consellería de Educación.

**Semipresencial:**

En caso de ensino semipresencial, o alumnado resolverá todas as dúbidas que poida ter nas aulas e o traballo telemático consistirá en exercicios das distintas destrezas comunicativas, ademais das probas de gramática e de léxico.

É dicir que a parte expositiva dos contidos faranse presencialmente e a parte máis práctica telemáticamente. Do mesmo xeito, o traballo da produción oral realizarase presencialmente. O devandito traballo telemático realizarase mediante Aula Virtual, correo electrónico e se for preciso, vía telefónica.

Os exames faranse presencialmente sempre que for posíbel. No caso de que o alumnado non poida acudir ao centro para realizar os exames, estes faranse noutra data concertada polo-a alumno-a e pola profesora, ou en videoconferencia e/ou a través da aula virtual. Os criterios de calificación serán os mesmos que a modalidade presencial.

**Telemático:**

No caso de que algún-algunha alumno-a estivese en corentena por ser sospeitoso de Covid-19, poderá encontrar na aula virtual do centro o material complementario facilitado pola profesora. Tamén, o alumnado poderá consultar todas as dúbidas que teña vía correo electrónico e se for preciso, mediante videoconferencia.

No caso dun posible confinamento e peche do centro, seguiranse cos contidos previstos na programación didáctica de departamento.

Para seguir coas clases, a profesora fará conexión no seu horario para o devandito grupo. Tamén, empregarase o correo electrónico e se for preciso o teléfono para axudar ao alumnado a seguir coa aprendizaxe.

Por outra banda, poderase efectuar vídeoclases a maiores para o alumnado con máis dificultades.

Para avaliar o alumnado, se for posíbel, faranse probas de modo presencial. Se non for posíbel, faranse os exames previstos en cada avaliación vía videoconferencia ou a través da aula virtual, segundo o tipo de proba.

No caso que a profesora tivese que estar en corentena, seguirá co proceso de aprendizaxe vía telemática. Os criterios de calificación: 30% traballo realizado na aula, 70% exercicios telemáticos/exámenes. No caso de non haber notas de clase o traballo telemático/exámenes valorarase co 100%.

***Subliñamos aquí que se un-unha alumno-a non pode realizar algún exame por presentar sintomatoloxía, farase outra proba noutra data.***

***Con todo, levarase un control exhaustivo das devanditas ausencias e contactarase coas familias para constatar que a ausencia sexa realmente xustificada, en caso de alumno-a reincidente.***

Pola outra banda, no caso de que o centro feche e o ensino pase a ser telemático, subliñamos que o ensino-aprendizaxe terá que mudar, isto é, daranse os contidos mínimos esixibles previstos nesta programación (ver contidos mínimos esixibles para cada curso) coa finalidade de afondar neles con maior eficiencia.

## CONTIDOS NON IMPARTIDOS DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE

Debemos subliñar que as aprendizaxes non impartidas durante o terceiro trimestre será recuperado ao longo deste curso académico e serán integradas nos contidos preestablecidos do currículo para cada nivel. Así pois, os mecanismos de recuperación e de reforzo, en referencia ao terceiro trimestre do curso 2019-2020, serán:

### 2ºESO

**Os contidos minimos fundamentais non impartidos** para este grupo no curso 2019/20 foron os seguintes:

* La description physique et le caractère

* Les vêtements et les accessoires

* La famille

* Les parties du lycée

* La fréquence et l'intensité

* Les possessifs (plusieurs possesseurs)

* Le pronom On

* Les verbes Jouer à / de et Faire du / de la / de l' / des

* L'interrogation (comment, à qui, est-ce que, qu'est-ce que)

Sabendo que a materia de lingua francesa é continua e que o currículo retoma os aspectos máis importantes da lingua ao longo da etapa da ESO, traballaremos estos contidos según vaían aparecendo nas determinadas unidades didácticas.

Por outra banda, as dúas primeiras semanas (4 sesións) serán reservadas para realizar unha **avaliación inicial** e un repaso xeral dos contidos de 1ºESO coa finalidade de saber en que punto partimos.

**A metodoloxía** a empregar será a da adquisición da competencia comunicativa co traballo das destrezas CO, CE, PE, PO así como o desenvolvemento dunha competencia dixital idónea. No caso de que o ensino sexa semipresencial ou non presencial manterase a devandita metodoloxía como explicamos anteriormente.

## 1. ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa define currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. Especifica ademais que estará integrado polos seguintes elementos: obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables e metodoloxía didáctica.

Os obxectivos expostos para o primeiro ciclo da ESO na área de segunda lingua estranxeira tradúcense nun currículo básico que, integrando todos os aspectos que conforman a comunicación lingüística, se estrutura en catro bloques correspondentes ás distintas actividades da lingua, tal como estas se describen no MCER: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

Os contidos previstos concrétanse en criterios de avaliación, que son referentes específicos para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que os alumnos deben lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se quere conseguir en cada materia.

No relativo á competencia comunicativa, que constitúe o corazón da materia segunda lingua estranxeira, os criterios de avaliación para o 1º ciclo da ESO (BOE do 3 de xaneiro de 2015) son os seguintes.

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.

Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto (p. ex. unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

**Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

Producir textos breves e suficientemente comprensibles, tanto en conversacións cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, en que se dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiáns e asuntos coñecidos ou de interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións ou vacilacións, se fagan necesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves en forma de monólogo ou de diálogo e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos de que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.

Incorporar á produción do texto oral en forma de monólogo ou de diálogo os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa suficiente propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos sinxelos de uso máis común para organizar o texto.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e de mecanismos sinxelos de cohesión e coherencia (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás. Pronunciar e entoar de maneira suficientemente comprensible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro, se cometan erros de pronuncia esporádicos, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións ou aclaracións. Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que haxa que interromper o discurso para buscar palabras ou articular expresións e para reparar a comunicación. Interactuar de maneira simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

**Bloque 3: Comprensión de textos escritos**

Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante do texto. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. ex. >, %, ⌡), e os seus significados asociados.

**Bloque 4: Produción de textos escritos: expresión e interacción**

Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizando recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis frecuentes.

Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p. ex. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía e de etiqueta máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual para organizar o texto escrito de maneira sinxela.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos ou bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar informacións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás. Coñecer e aplicar, de maneira suficiente, para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais (p. ex. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficas frecuentes na redacción de textos moi breves en soporte dixital.

## 2. CONCEPTOS CLAVE

A LOMCE lembra que o Consello Europeo reunido en Barcelona en 2002 recolle entre as súas conclusións a necesidade de coordinar esforzos a favor dunha economía competitiva baseada no coñecemento, e insta os Estados membros da Unión Europea a desenvolver accións educativas conducentes á mellora do dominio das competencias clave, en particular mediante o ensino de polo menos dúas linguas estranxeiras desde unha idade moi temperá. No mesmo sentido, e en relación coa aprendizaxe ao longo da vida, o Consello de Europa sinala que a finalidade da educación lingüística no mundo de hoxe non debe ser tanto o dominio dunha ou máis segundas linguas tomadas illadamente, como o desenvolvemento dun perfil plurilingüe e intercultural integrado por competencias diversas en distintas linguas e a diferentes niveis, en función dos intereses e necesidades cambiantes do individuo. Así, para fomentar e facilitar a construción dun repertorio plurilingüe e intercultural, os currículos das etapas da ESO e do Bacharelato inclúen, con carácter específico, a materia de segunda lingua estranxeira. Seguindo o sistema descritivo do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), o currículo de segunda lingua estranxeira correspondente a estas etapas recolle os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables que articularán a materia, co fin de que o alumnado poida desenvolver no segundo idioma que escollese, en sinerxía cos ensinos da segunda lingua estranxeira na etapa de Educación Primaria, as

competencias clave que lle permitan desenvolverse no devandito idioma con sinxeleza, pero con suficiencia, nas situacións máis habituais en que poida atoparse nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.

De modo que a competencia de comunicación en lingua estranxeira é de seu unha competencia clave.

Pero, pola súa propia natureza, a materia de lingua estranxeira permite, de maneira transversal, axudar ao desenvolvemento das demais competencias clave e contribuír ao desenvolvemento dos alumnos como persoas, estudantes, cidadáns e profesionais. As competencias garantirán a aprendizaxe ao longo de toda a vida das persoas, cuxo proceso non debe deterse nas etapas obrigatorias da súa educación.

Segundo a recomendación do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, identificáronse as seguintes competencias:

**Comunicación lingüística**

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Con distinto nivel de dominio e formalización especialmente en lingua escrita, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunha delas e así enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Igualmente, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida. Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sustentabilidade do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas á capacidade crítica e visión razoada e razoable das persoas. A iso contribúen a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: a) A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, o contraste de ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social. As competencias en ciencia e tecnoloxía capacitan a cidadáns

responsables e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar, basicamente, para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá –persoal e social– analogamente a como se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

**Competencia dixital**

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, e a inclusión e participación na sociedade. Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nunha contorna dixital. Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Isto leva ao coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e ao procesamento da información; e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.

**Aprender a aprender**

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con iso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe. En segundo lugar, en canto á organización e xestión da aprendizaxe, a competencia de aprender a aprender require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e ás demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.

**Competencias sociais e cívicas**

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social. Trátase, por tanto, de axuntar o interese por profundar e garantir a participación no funcionamento democrático da sociedade, tanto no ámbito público como privado, e preparar as persoas para exercer a cidadanía

democrática e participar plenamente na vida cívica e social grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas e ao compromiso de participación activa e democrática.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto. Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral en que se moven as persoas, e permítelles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o cimento doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados. A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, e contribúe así á cultura do emprendemento. Neste sentido, a súa formación debe incluír coñecementos e destrezas relacionados coas oportunidades de carreira e o mundo do traballo, a educación económica e financeira ou o coñecemento da organización e os procesos empresariais, así como o desenvolvemento de actitudes que leven un cambio de mentalidade que favoreza a iniciativa emprendedora, a capacidade de pensar de forma creativa, de xestionar o risco e de manexar a incerteza.

**Conciencia e expresións culturais**

A competencia en conciencia e expresión culturais implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras.

## 3. CONTEXTO

O I.E.S. Vilar Ponte é un centro público dependente da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia. O Centro está formado por dous edificios máis un ximnasio e un polideportivo compartido co outro instituto do concello.

O CONTORNO

Está situado no concello de Viveiro, que é un concello do norte da provincia de Lugo pertencente á Comarca da Mariña Occidental. Ten unha poboación de máis de 16.000 habitantes distribuída nas seguintes Parroquias: Santa María e Santiago (6.160 habitantes, 5.9 $Km^2$), Santiago de Celeiro (2.048 habitantes, 4.5 $Km^2$), Santa María de Galdo (648 habitantes, 18.5 $Km^2$), San Xoán de Covas (3.320 habitantes, 13.2 $Km^2$), San Xiao de Landrove (367 habitantes, 3.8 $Km^2$), Santa María de Magazos (72 habitantes, 10.9 $Km^2$), Santa María de Chavín (304 habitantes, 9.1 $Km^2$), San Cibrao de Vieiro (663 habitantes, 3.7 $Km^2$), San Pedro (402 habitantes, 2.8 $Km^2$), San Xiao de Area-Faro (185 habitantes, 4.7 $Km^2$), Santo André de Boimente (194 habitantes, 19.9 $Km^2$) e San Estevo de Valcarría (146 habitantes, 9.3 $Km^2$).

Situación socioeconómica do alumnado:

A maioría das familias encadraríanse dentro da clase media. En canto á situación da residencia familiar predominan o alumnado que provén dos núcleos de poboación de Celeiro, Viveiro centro, Covas e o centro urbano do Vicedo, combinados cunha poboación moi rural diseminada polos concellos de O Vicedo, Ourol, Muras e a parte sur do concello de Viveiro.

No tocante ao aspecto cultural, a grande maioría dispón de libros de lectura e de consulta na casa e, no caso de non dispor deles, acoden á Biblioteca Municipal. A maioría dispón dun lugar de estudo na súa casa.

A media de matrícula nos últimos anos supera os 750 estudantes por curso.

O alumnado dispón de transporte escolar.

O Centro ofrece os seguintes estudios:

Réxime ordinario:

Educación Secundaria Obrigatoria

Programas de Diversificación curricular de dous anos

Bacharelatos nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais.

No proxecto educativo de centro atopamos, entre outros, os seguintes puntos relativos á concreción do currículo (moitos dos cales serán tratados en profundidade noutros apartados da presente programación):

**Adecuación dos obxectivos xerais da ensinanza ao contexto do centro e ás características do alumnado:** Esta programación fíxose tendo en conta o contexto do centro e as características do alumnado, analizadas anteriormente.

**Criterios xerais de metodoloxía:** Partindo da liña construtivista da aprendizaxe escolar, a metodoloxía a seguir deberá procurar que o alumno ou alumna sexa un elemento activo do proceso de ensino-aprendizaxe. Para levar a cabo este punto, úsanse as seguintes ferramentas:

Agrupamento axeitado do alumnado tratando de fomentar que cada grupo funcione da mellor forma posible.

Agrupamentos específicos para axudar ao alumnado con dificultades nas materias de lingua e matemáticas.

Programas de diversificación curricular para posibilitar que certo alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe poidan optar a acadar o título da ESO.

**Educación en Valores:** Véxase punto 17 da programación.

**Criterios xerais sobre avaliación e promoción do alumnado:** A proposta da CCP foi aprobado en Consello Escolar que o alumnado de cuarto da ESO obterá o título sempre que aprobe todas as materias ou teña unha avaliada negativamente cunha cualificación de tres puntos ou superior.

**Liñas xerais de atención á diversidade:** Véxase punto 12 da programación.

**Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso:** A este alumnado facilitaránselle actividades e tarefas

no PEC. adaptadas ás súas capacidades coa finalidade de que consiga acadar o nivel axeitado na materia e lograr superala.

**Plan de integración das TIC:** Véxase o punto 15 da programación.

**Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes:** Esta programación adecúase ao modelo que figura.

## 4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

| AV | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Tema UD | Bloque | Contido | Ref | Temporalización | | Probas av |
| | | | | | | | Meses | Sesións | |
| 1º Av | A | Contenidos competenciales sintáctico-discursivos | 0 | B 0.1 | Expresión de relacións lóxicas: conxunción (et); disxunción (ou); oposición (mais); causa (comme). | 0 | Sep | 4 | |
| | | | 1 | B 1.0 | Finalidade (pour); comparación (le plus, le moins); consecuencia (alors); explicativas (parce que). | 1 | Oct | 8 | X |
| | | | 2 | B 1.1 | Relacións temporais (d'abord, ensuite, il y a). | 2 | Nov/Dic | 15 | X |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | |
| | | | | B 1.2 | Exclamación (quel + nom !, désolé !) ; interxección (si! Bravo !). | | | | |
| | | | | B 1.3 | Negación (pas de, rien). | | | | |
| | | Contenidos competenciales sintáctico-discursivos | 0 | B 1.4 | Interrogación (inversión (V + Suj.); réponses (si, pron. tonique + oui/non). | 0 | | | |
| | | | 1 | B 1.5 | Interrogación (inversión (V + Suj.); réponses (si, pron. tonique + oui/non). | 1 | | | |
| | | | | B 1.6 | Expresión do tempo: presente; presente progresivo (être en train de); pasado (passé composé avec avoir et être sans accords). | | | | |
| | | | | B 1.7 | Futuro (futur proche). Introdución do condicional (fórmula de cortesía: je voudrais). | | | | |
| | | | | B 1.8 | Expresión do aspecto: puntual (frases simples); | | | | |
| | | | | B 1.9 | Habitual (frases simples + Adv. (ex: souvent); incoativo (aller + Inf.). | | | | |
| | | | 2 | B 1.10 | Expresión da modalidade: factualidade (phrases déclaratives); capacidade (savoir); posibilliade/probabilidade (peut-être); | 2 | | | |
| | | | | B 1.11 | Necesidade (il faut); obriga/prohibición (il faut, verbe devoir, imperativo); permiso (pouvoir, demander); intención/desexo (je voudrais) ; cortesía. | | | | |
| | B | Contenidos competenciales léxicos | 0 | B 1.12 | Expresión da existencia (il y a, il n'y a pas); a entidade (p. ex. articles contractés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs); | 0 | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | |
| | | | 1 | B 1.13 | A posesión (adxectivos posesivos dun e de varios propietarios);a cualidade (formación regular e irregular dos adxectivos). | 1 | | | |
| | | | 2 | B 1.14 | Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; articles partitifs). | 2 | | | |
| | | | | B 1.15 | Adverbios de cantidade e medidas (un (tout petit) peu, trop, pas assez + Adj., une boîte, un paquet); o grao. | | | | |
| | | | | B 1.16 | ▪ Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu (sur, sous,…), | | | | |
| | C | Contenidos competenciales fonético-fonológicos | 0 | B 1.17 | Position, distance, mouvement, direction, provenance (venir + contraction de), destination (aller + contraction à). | 0 | | | |
| | | | 1 | B 1.18 | ▪ Expresión do tempo: puntual (demain matin, jeudi soir); divisións (en (année)); indicacións de tempo (demain, hier); duración (de…jusqu'à, en ce moment); | 1 | | | |
| | | | | B 1.19 | Anterioridade (il y a…); posterioridade (après); secuenciación (à partir de); frecuencia (d'habitude, une/deux/… fois par…).<br>Expresión do modo. | | | | |

## 5. RELACIONAR PARA CADA UNIDADE

| | | | | | | TEMAS TRANSVERSAIS | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Tem a UD | Id Cont | Id Cri | Id Est | Comp Cl | Estándares De Aprendizaxe | Grao Mín Consec | Peso Cuali | Temas Transversais | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | Prob Esc | Prob Oral | Trab Ind | Cad Cla | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 0 | B 0.1 | B.1.1 | SLE B1.1 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | 25% | 5% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.17 | B 1.4 | SLE B 1.4 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. | 25% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.30 | B 5.1 | SLE B 5.1 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | 25% | 5% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.36 | B 5.2 | SLE B. 5.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. | 25% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | X | X | | |
| 1 | B 1.1 | B 1.1 | SLE 1.1 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.2 | B 1.2 | SLE 1.3 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | 100% | 10% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.3 | B 2.1 | SLE 2.1 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.4 | B 2.2 | SLE 2.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a XXsúa idade e o seu nivel escolar. | 100% | 10% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | B 1.5 | B 2.2 | SLE 2.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | FXXai e responde intelixiblemente e con accións colXXaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobrXe actividades moi comúns da vida diaria e do tempoX libre en situacións de comunicación significaXtivas para a súa idade e o seu nivel escolar. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.6 | B 2.2 | SLE 2.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Fai e respXonde intelixiblemente e con accións colaborativXas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividXades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | 50% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.7 | B 2.2 | SLE 2.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.18 | B 2.5 | SLE 2.5 | CCL<br>CAA<br>CCEC | Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | 100% | 5% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.19 | B 3.3 | SLE 3.3 | CCL<br>CAA<br>CCEC | Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.20 | B 3.3 | SLE 3.3 | CCL<br>CAA<br>CCEC | Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | 80% | 25% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.21 | B 4.1 | SLE 4.1 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.23 | B 4.2 | SLE 4.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.) | 100% | 25% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.24 | B 4.2 | SLE 4.2 | CCL | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou | 80% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | CAA<br>CCEC<br>CD | afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, Xetc.) | | | | | | | | | | | | | |
| | B 1.25 | B 4.3 | SLE 4.3 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. | 80% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.36 | B 4.4 | SLE 4.4 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.31 | B 5.2 | SLE 5.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. | 100% | 10% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.32 | B 5.3 | SLE 5.3 | CCL<br>CAA<br>CCEC | SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.37 | B 5.4 | SLE 5.4 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. | 100% | 5% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.38 | B 5.1 | SLE 5.1 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | X | X | | |
| 2 | B 1.8 | B 1.1 | SLE 1.1 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | 50% | 5% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.9 | B 1.4 | SLE 1.4 | CCL | Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas | 100% | 25% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | CAA<br>CCEC<br>CD | familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi Xbásica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. | | | | | | | | | | | | | |
| | B 1.10 | B 5.1 | SLE 5.1 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | IXdentifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e de palabras e frases. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B .11 | B 5.2 | SLE 5.2 | | Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.12 | B 1.1 | SLE 1.1 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | 50% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.13 | B 1.3 | SLE 1.3 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | 50% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.14 | B 2.1 | SLE 2.1 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.15 | B 2.2 | SLE 2.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | 75% | 20% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.16 | B 2.2 | SLE 2.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.26 | B 2.2 | SLE 2.2 | CCL | Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, | 100% | 30% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | CAA<br>CCEC<br>CD | preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | | | | | | | | | | | | | |
| | B 1.27 | B 2.2 | SLE 2.5 | CCL<br>CAA<br>CCEC | Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da Xpersoa interlocutora para entender e facerse entender. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.28 | B 3.3 | SLE 3.3 | CCL<br>CAA<br>CCEC | Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.29 | B 3.3 | SLE 3.3 | CCL<br>CAA<br>CCEC | Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | 80% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.33 | B 4.1 | SLE 4.1 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | 50% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.34 | B 4.1 | SLE 4.1 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | 50% | 20% | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.35 | B 4.2 | SLE 4.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.) | 100% | | 70% | 10% | 15% | 5% | X | X | | X | X | | |

## 6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de pór en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón, en primeiro lugar, considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, en que se materializan conxuntamente todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Sen que o enfoque orientado á acción desatenda en ningún momento a análise, o estudo e a práctica das distintas competencias que capacitarán o alumnado para construír e decodificar textos, non debe esquecerse que son as actividades de comprensión e produción dos devanditos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real. Por todo iso, e para que o alumnado poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, é conveniente que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula como na aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os alumnos haberán de ser capaces de comprender e de producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda que son diversas e motivadoras, teñan sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliables para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva.

Os nosos principios metodolóxicos son os seguintes:

-Partir da vida real dos alumnos e das súas experiencias concretas para obter un aprendizaxe significativo.

-Ter en conta o que saben xa para servir de apoio ós novos aprendizaxes.

-Animar á reflexionar, a confrontación de opinións e a exteriorizar as emocións.

-Respectar as particularidades de cada alumno adaptando os métodos, as actividades e os recursos aportados. Traballar a coeducación e a non discriminación sexual.

-Utilizar técnicas e soportes variados que nos permitan o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa.

-Favorecer a autoavaliación  como ferramenta para pór de relevo a realidade e xulgala obxectivamente.

-Acostumar ó traballo en grupo, poñendo en común capacidades e intereses, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidaridade, axudando ás tomas de decisión colectivas, orientando as confrontacións.

-Crear un ambiente de colaboración de distribución de tarefas e de responsabilidades, de identificación da cultura propia, de respecto ó patrimonio natural e cultural propio e dos demais. Desenvolver o espírito de cidadanía.

-Suscitar as argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto ós outros, a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica.

Para cumpri-los obxectivos das ensinanzas dos idiomas modernos, é necesario utilizar unha metodoloxía activa, flexible e sobre todo, centrada no alumno. Para iso, o alumno debe se-lo elemento activo da clase, sendo o profesor o mero promotor da actividade. Todo elo permitirá ó alumno que aprenda a se comunicar cos seus compañeiros no idioma estranxeiro e que perda a vergonza a utilizar unha lingua distinta da materna. Programaremos pois actividades que permitan ós alumnos intercambiar información e interaccionar ,en parellas ou en pequenos grupos.

A finalidade é ensinar a se comunicar nunha lingua estranxeira para o que hai que adoptar un enfoque baseado na comunicación e orientado á adquisición dunha competencia comunicativa. Esta inclúe diferentes sub-competencias :gramatical, discursiva, sociolingüística, estratéxica e sociocultural.

É esencial o desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas, aínda que a miúdo é necesario centra-la actividade nunha destreza concreta, o fin último será a integración das catro.

Ademais de prestar especial atención ás catro destrezas , temos en conta tamén as destrezas de estudo e aprendizaxe das linguas e o desenvolvemento de estratexias.

A comprensión oral

O alumno ten acceso a unha exposición de lingua ampla e variada (gravacións, profesor..), para poder elaborar hipóteses de sentido que logo irá verificando.

Hai un gran número de actividades destinadas a este fin como actividades de relacionar, repeticións, ditados, toma de notas etc.

A comprensión escrita

Unha gran variedade de documentos (textos curtos, cómic, magazine ) están destinados a descubri-la comprensión escrita con axuda de actividades do tipo: busca de información, completar espazos en branco etc.

A expresión oral

Estimularémo-lo uso do francés no aula por medio dunha gran variedade de actividades individuais, en grupo, por parellas, Proporcionaránselles as estruturas, o vocabulario e os modelos que poderán utilizar na realización de dita tarefa.

Asimesmo o profesor servirase do encerado para escribir palabras e expresións que servirán ó mesmo fin.

A expresión escrita

Pequenos textos escritos polos alumnos en grupos serán logo expostos á clase e avaliados por eles mesmos. Modelos proporcionados con anterioridade axudarán ós alumnos en dita actividade.

Todas estas actividades desenvólvense expoñendo ó alumno a unha gran diversidade de situacións e contextos, o que lles permiten interaccionar cos materiais de forma individual e con compañeiros

Estas son o medio a través do que os alumnos adquiren os contidos necesarios para desenvolve-la súa competencia comunicativa.

Estas actividades teñen que simular e imita-la comunicación, da mesma forma que se produce nunha situación real aínda que realícense no aula e deben estar contextualizadas na realidade. Mediante elas o alumno aprende e practica os contidos, utilízaos cun fin comunicativo e reutiliza outros xa traballados.

O traballo en grupo das actividades orais a veces resulta difícil de controlar e de corrixi-los erros pero cremos que só en situacións entre iguais (alumnos) conseguirémo-la comunicación máis asemellada á real.

Estableceremos un voceiro, diferente en cada actividade, que será o encargado de expoñe-lo resultado do traballo ou a opinión do grupo e que poderá ser valorado polo resto dos compañeiros. As actitudes de colaboración e respecto póñense de relevo neste tipo de actividades.

-Concretamente o noso método de traballo apoiase no libro de texto elixido, que consta de 6 módulos cada un de 5 leccións, das cales 4 aportan coñecementos e a 5ª destinase a medir o progreso ó curso do módulo.

A lingua que enseamos e unha lingua funcional que sirve nas situacións de comunicación próximas à vida real dos rapaces. Tamén introdúcense situacións imaxinarias para provocar a sorpresa e incitalos a falar.

A gramática tamén e simple e funcional e sempre se presenta en situacións a partir de xogos, mensaxes ou minirelatos.

En canto ó vocabulario, serviranos para que poda ser memorizado e que nos axude a que a comunicación sexa rápida. As veces ese vocabulario memorízase dentro de estruturas globais.

Procuraremos que o alumno pronuncie ben dende o comezo. Dentro de cada módulo explicaremos os fonemas mais difíciles por medio de xogos ou frases humorísticas . O ritmo e a entoación traballaranse grazas á memorización de pequenos diálogos.

Facemos fincapé no paso do escrito ó oral. Sabemos que o contacto ca lingua escrita e mais doado có contacto co oral; empezamos pois lendo e traducindo en voz alta. Sempre nos apoiaremos nas gravacións para verificar esas lecturas.

Si o tempo e o desenrolo da clase nolo permite , cada dous módulos terminaremos cunha “tâche globale” chamada Projet onde os alumnos integrarán as catro destrezas.Van practicar oral he escrito a expresión e a comprensión o traballo individual e o colectivo.

Reforzamos a adquisición de competencias có caderno de exercicios que serán traballados na casa e corrixidos na clase en voz alta.

Antes de empezar un módulo, comunicamos ó alumno cales van ser as adquisicións , para así implicalo no traballo e que sinta que os exercicios a realizar teñen unha finalidade práctica.

Seguimos o desenrolo de cada unha das leccións realizando as diferentes actividades propostas e apoiamos estas actividades con diferentes exercicios que figuran no caderno.

Rematamos o módulo revisando todos os contidos, tanto nos apartados de comunicación como de fonética e civilización-

Os tests de expresión oral servirannos para facer un balance tamén do adquirido nesa competencia.

A utilización das TIC axuda ó alumno a desenvolver xeitos para obter informacións que transformará logo en coñecementos

## 7. AVALIACIÓN

A avaliación está no corazón do currículo proposto pola LOMCE, como se desprende da propia tipificación dos contidos: cada un dos catro bloques de contidos comprende, para cada conxunto de actividades, os **criterios de avaliación** e os **estándares de aprendizaxe avaliables,** entre os que existe unha relación non unívoca debido á especial natureza da actividade lingüística; isto supón que, para avaliar o grao de adquisición das diversas competencias necesarias para levar a cabo as accións recollidas en cada un dos estándares de aprendizaxe, haberán de aplicarse todos e cada un dos criterios de avaliación descritos para a actividade correspondente; á súa vez, dos estándares de aprendizaxe haberán de derivarse os correspondentes contidos competenciais (estratéxicos, socioculturais e sociolingüísticos, funcionais, sintáctico-discursivos, léxicos, fonético-fonolóxicos, e ortográficos) cuxo grao de consecución se avaliará coa aplicación dos criterios respectivos.

A LOMCE (artigo 2) define os estándares de aprendizaxe avaliables como concrecións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumno debe saber e saber facer en cada materia. Deben permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliables, xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables.

| **CRITERIOS** | **MÍNIMOS** |
| --- | --- |

| | |
|---|---|
| 1)Comprender as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e básicas, cara a cara ,gravadas ou en soporte multimedia , sobre situacións habituais de comunicación, falados moi a modo e con moita claridade. A través deste criterio trátase de avaliar se se é quen de seguir instrucións ou indicacións, de identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico | **X** |
| 2)Comunicarse oralmente coa facilidade suficiente para satisfacer as necesidades de comunicación básicas de interacción na aula e participar en simulacións breves e sinxelas sobre temas coñecidos e traballados previamente.<br>As producións poderán ter incorreccións léxicas, morfosintácticas ou fonéticas que non dificulten a comunicación. | **X** |
| 3)Identificar e interpretar palabras e enunciados sinxelos pero contextualizados en situacións de comunicación significativa como mensaxes multimedia, historias curtas, tarxetas de felicitación…aprendidos con anterioridades na súa forma oral. | **X** |
| 4)Producir mensaxes significativas sinxelas de xeito guiado en papel ou en formato dixital cunha finalidade comunicativa e con modelos aprendidos oralmente.<br>Avaliarase a capacidade de escribir enunciados sinxelos a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, saudar,escribir un cartel...) tanto de forma manuscrita como en formato dixital. | **X** |
| 5)Na propia lingua, comparar aspectos da vida cotiá dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios identificando trazos moi básicos e evitando estereotipos.<br>Trátase de avaliar o interese por coñecer a outra cultura e a consciencia do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas | |
| 6)Utilizar o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía) en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias, e para comprender mellor as alleas. | |
| 7)Identificar, utilizar e pór exemplos dalgunhas estratexias utilizadas para progresar no aprendizaxe. | |
| 8)Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais, | |

| | |
|---|---|
| mostrando interese polo seu uso. | |
| 9)Identificar algúns elementos culturais ou xeográficos própios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira e mostrar interese por conocelos. | |

## -PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACION

### -Para as avaliacións ordinarias

| **PROCEDEMENTOS** | **INSTRUMENTOS** |
|---|---|
| **Probas escritas** | Dúas por trimestre.Conteñen:<br>-Exercicios sobre estruturas gramaticais dos temas estudados.<br>-Redacción pequenos textos de maneira guiada.<br>-Comprobación comprensión situacional detallada<br>-Localización información e datos diversos.<br>-Reprodución escrita de modelos orais<br>-Atopar preguntas ou respostas<br>-Completar frases e textos<br>-Corrixir informacións erróneas<br>-Exercicios conxugación, trocos de xénero e número<br>-Variación de estruturas:mudar de persoa verbal…<br>-Construción de frases à partir de vocabulario<br>-Pequenas redaccións sobre temas traballados na clase<br>-Descricións a partir dun debuxo |
| **Traballos individuais** | |
| **Traballos en grupo** | |
| **Probas orais** | Unha por trimestre<br>-Reprodución oral correcta dos modelos propostos |

| | |
|---|---|
| | -Dialógo preguntas/respostas có profesor ou con outro compañeiro<br>-Exercicio de comprensión oral no que unicamente se marcará a resposta adecuada |
| **Traballo na aula** | -Realización das tarefas no caderno de exercicios<br>-Realización de tarefas demandadas polo profesor no caderno do alumno |
| **Observación e rexistro** | -Cadernos do alumno<br>-Listas de control |

## -Para a avaliación extraordinaria

| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
|---|---|
| **Probas escritas** | Unha única proba valorada sobre 9puntos cós mesmos contidos e instrumentos das probas ordinarias.Non constará de proba oralUsaranse os estendares de mayor porcentaxe para a elaboracion do examen, de comprensión escrita tera o valor de 0,5 dentro da proba escrita.Anota oral será a da ultima evaluación sobre un punto.Aaprobarase a partir de 4,6 |

-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Nos **controis escritos**, avaliaráse a comprensión e expresión escrita así como a competencia lingüística suporá **o 70%** da nota final.

En canto ás **Actividades de avaliación** propiamente ditas, os **controis escritos** serán , ó menos, un por trimestre. Estes poderán ser puntuados de forma variada, segundo o criterio do profesor, agora ben, o alumno coñecerá o resultado numérico desa puntuación así como a equivalencia no sistema tradicional de valores entre 1 e 10 puntos. Ó final do trimestre tamén darase a coñece-lo resultado das nota destes controis en referencia a nota xeral da avaliación.

Cada pregunta, apartado etc estará acompañado do valor numérico establecido para tal ocasión de maneira que o alumno poida facerse unha idea global da cualificación obtida.

En todas estas probas incluiranse contidos das unidades anteriores, sobre todo no que á competencia lingüística refírese.

**A actitude/traballo** do alumno suporá un 10% da nota,Valorandose aqui a participacion oral na clase a traves das preguntas diarias do profesor e a participacion do alumno motu propio e de forma correcta

En canto á **actitude**, cualificarase da seguinte maneira: Só se consignarán as actitudes "negativas" é dicir, fálta de traballo na aula, a ausencia de material de traballo, a non realización das tarefas, a interrupción do normal desenvolvemento da clase, falta de respecto a un compañeiro ou ó profesor , falta inxustificada a clase etc

Cada unha destas "faltas" rebaixarán 0'10 a nota final de 1 puntos. Polo tanto o traballo diario en clase e en casa e a actitude de respecto cara a comunidade será valorado co 10% do total a nota.

A **nota de cero** consignada no apartado de actitude poderá supoñer a **calificación negativa** da avaliación ou da materia si se tratase da avaliación final. e aparecer todalas actividades realizadas na clase ou na casa debidamente correxidas pólo alumno .

Para poder aprobar o trimestre , o alumno terá que obter unha nota mínima, nos controis escritos, de 2,5 puntos sobre 7.

Consideramos aprobado a nota numérica de 4,6. Asimesmo redondearemos á alza .

(6,6 será 7)

Comprension oral e comprension escrita seran o restante da nota ,o 20%. evaluarase os alumnos a traves dunha audicion con preguntas xusticando sempre o falso ,10% E a comprension escrita farase a traves dun texto con preguntas que poden ser de busqueda no texto de informacion,V/F,ou contestar a preguntas.

NO SE REPETIRA NINGUN EXAME SIN A PREVIA PRESENTACION DUNHA XUSTIFICACION MEDICA OU LEGAL,ASEMADE E OBRIGATORIO REALIZAR TODAS AS PARTES DO ESAME,SINON SUSPENDERASE O ESAME E POR LO TANTO ESA PARTE DA EVALUACION .NO CASO QUE COS ESAMES REALIZADOS DERA A MEDIA PARA APROBAR PORRIASE A NOTA DE 4

**CIÓN**

## 8 . OUTRAS AVALIACIÓNS

**8.1 Das materias pendentes de cursos anteriores**

**i. Plan de traballo**

Con respecto ás medidas destinadas a recuperar a aqueles alumnos que non superaron os obxetivos no curso pasado , diferenciamos dúas

| | | |
|---|---|---|
| | | **BLOQUE 1: Comprensión de textos orais** |

accións:

-**Un cuaderno de traballo**, por trimestre, que deberán devolver completado no plazo que se señale.

-**Unha proba escrita final** no mes de mayo e de non cursar a materia tamen

**ii. Procedementos e instrumentos de avaliación**

A proba escrita abarcará toda a materia e contemplará os contidos mínimos.

**iii. Criterios de cualificación**

A entrega dos cadernos de traballo, é obrigatoria:Non se poderían presentar ó exame sen telos entregados na data límite:antes da avaliación final

Consideramos que un alumno que **supere os obxectivos na segunda avaliación**, superará os do curso anterior. En caso de non ser así, presentaranse a un exame final .

A realización das tarefas no plazo sinalado contará un **30%** da nota; o **70%** restante recaerá na proba escrita.

**10.2Da materia do propio curso**

**iv. Procedementos e instrumentos de avaliación para...**

| | | INDICADORES DE LOGRO | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **En vías de adquisición** | **Adquirido** | **Avanzado** | **Excelente** |
| 1. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara (p. ex. en estacións ou aeroportos), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | CCL | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara co algunha dificultade e con necesidade de repeticións. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara sen ningunha dificultade e con necesidade de repeticións. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara sen ningunha dificultade e sen necesidade de repeticións. |
| 2. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. ex. en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos). | CCL | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con bastante dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e con necesidade de repetición. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual sen necesidade de repetición. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas sen necesidade de repetición. |
| 3. Comprende, nunha conversación informal en que participa, descricións, narracións e opinións formuladas en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o devandito. | CCL - CAA | Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal sen apoio visual nin xestos. |
| 4. Comprende, nunha conversación formal en que participa (p. ex. nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | CCL | Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal sen apoio visual nin xestos. |
| 5. Identifica as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados | CAA | Ten dificultades en identificar as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes | Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese | Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade de, | Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| con lentitude e claridade (p. ex. noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen gran parte da mensaxe. | | apoios: visual, xestos e repeticións. | con necesidade destes apoios: visual, xestos e/ou repeticións. | polo menos, un destes apoios: visual, xestos ou repeticións. | sen necesidade de apoio visual, xestos nin repeticións. |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC | BLOQUE 2: Produción de textos orais: expresión e interacción | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **INDICADORES DE LOGRO** | | | |
| | | **En vías de adquisición** | **Adquirido** | **Avanzado** | **Excelente** |
| 1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas se se articulan clara e lentamente. | CCL | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |
| 2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). | CCL - CSC | Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |
| 3. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, en que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións de maneira sinxela e breve, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | CCL | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión e con problemas no uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión, pero cun uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira comprensible con patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira totalmente comprensible con correctos patróns sonoros, rítmicos e de entoación. |
| 4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista (p. ex. para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. | CLC - CSC | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | CC | Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **INDICADORES DE LOGRO** | | | |
| | | **En vías de adquisición** | **Adquirido** | **Avanzado** | **Excelente** |
| 1. Identifica, coa axuda da imaxe, instrucións xerais de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (p. ex. unha máquina expendedora), así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (p. ex. nun centro de estudos). | CCL | Identifica con dificultade instrucións xerais, coa axuda da imaxe. | Identifica, coa axuda da imaxe, instrucións xerais. | Identifica, sen ningunha dificultade, instrucións xerais coa axuda da imaxe. | Identifica, sen apoio de imaxes, instrucións xerais. |
| 2. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato en que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | CCL | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa e comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa e comprende sen ningunha dificultade correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. |
| 3. Entende a idea xeral de correspondencia formal en que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (p. ex. sobre un curso de verán). | CCL | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. |
| 4. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran | CCL | Recoñece con moitas dificultades palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con bastante axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece sen ningunha dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| parte da mensaxe. | | | | | |
| 5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. ex. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles. | CCL<br>-<br>CAA<br>-<br>CSC | Identifica con bastante dificultade palabras e frases en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Entende con dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica con pouca dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica sen ningunha dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. |

| **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **CC** | **BLOQUE 4: Produción de textos escritos: expresión e interacción** | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **INDICADORES DE LOGRO** | | | |
| | | **En vías de adquisición** | **Adquirido** | **Avanzado** | **Excelente** |
| 1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións (p. ex. para asociarse a un club internacional de mozos). | CCL<br>-<br>CAA | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando con moita dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando con algunha dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando sen dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando case na súa totalidade os datos ou outro tipo de información persoal. |
| 2. Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta máis importantes. | CCL<br>-<br>CD | Escribe con moita dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando poucas das estruturas dadas. | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando con algunha dificultade as estruturas dadas. | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando as estruturas dadas. | Escribe sen dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando na súa totalidade as estruturas dadas. |
| 3. Escribe correspondencia persoal breve en que se establece e mantén o contacto social (p. ex. con amigos noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e | CCL | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado, pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| experiencias persoais, e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (p. ex. cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans). | | | | | |
| 4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, e observa as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos. | CCL - CSC | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado, pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |

### i. Unha proba non superada

Non se recupera.cada trimestre consta de dúas probas escritas

### i. Unha avaliación parcial

Tendo en conta que a avaliación é continua e que os contidos son progresivos.Non se fai exame de recuperación. Os que aproben a segunda avaliación terán superados os contidos da primeira e así mesmo ca terceira.

### ii. Avaliación final ordinaria e extaordinaria

Os alumnos que non superen a terceira avaliación e teñan aprobadas as outras dúas terán dereito a repetir este exame ,das mesmas características e contidos có que non superaron.

Os que suspendan todas ou dúas das tres, teranse que presentar a unha probar de recuperación xeral con contidos que abarquen toda a materia do curso sobre 9 puntos na que se incluirá una comprensio escrita.O punto restante corresponde a nota da comprensión oral da ultima evaluación.A recuperación extraordinaria será de contidos e valores iguais a ordinaria

Para aprobar o esame e necesario acadar un4,6 redodeado a 5.

## 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada centro, e dentro del cada profesor, segundo a súa clase, establecerá o programa que estime conveniente.

Con todo, recoméndanse polo menos tres plans de interese pedagóxico fundamental.

### 9.1 Medidas previstas para estimular o interese e o hábito da lectura e da comprensión escrita e oral.

Dentro da competencia clave lingüística, a comprensión de textos escritos non debería limitarse á lectura dos textos proporcionados polo método, nin tampouco aos textos que o método convida a buscar a modo de documentación. A lectura de textos máis extensos, de obras creadas para fomentar o pracer de ler debe formar parte da aprendizaxe: por unha banda, ler <<historias>> permitiralles aos alumnos comprobar que o que aprenderon ten un sentido real fóra da aula e motivaraos. E por outro, comprobarán que a lingua estranxeira non só é útil, senón que pode ser fonte de goce.

Mentres o seu nivel non lles permita abordar textos auténticos da literatura francófona para mozos, propómoslles elixir títulos **,** cuxa estrutura respecta a programación de contidos .

Por exemplo as bandas desñadas de Tintin e Milou ,na que o soporte en imaxe axuda a entender otexto

### 9.2 Plan de reforzo e recuperación

O segundo plan recomendable é o relacionado coa avaliación continua e formativa. En calquera momento da aprendizaxe, antes de que se enquiste calquera posible problema e polo menos despois de cada avaliación, os alumnos deberían de seguir un plan de reforzo das súas competencias, de <<remediación>> dos seus puntos fracos: este poderase construír, a nivel individual ou colectivo, a partir do BANCO DE ACTIVIDADES preparado plos profesores coma un resumen de actividades da evaluación.Sempre ca o alumno o pida ou sexa requerido polos pais

### 9.3 Plan para a diversidade

Independentemente de que certos alumnos da clase experimenten dificultades, e de que outros se poidan adaptar a un ritmo máis sostido, é recomendable proporlle á clase (ou a parte da mesma) actividades diferentes. Para dinamizar o grupo e ampliar horizontes, recalcamos o interese de:

- Vídeos que están relacionados cos temas dos adolescentes
- Recursos adicionais :
  - BANCO DE IMAXES DIXITAIS, para facer mil xogos ou actividades creativas baseadas en vocabulario;
  - XOGOS PARA TBI, para repasar de maneira lúdica os contidos de vocabulario e gramática;
  - CANCIÓNS TRADICIONAIS, con karaoke , para traballar a fonética e compartir cos nenos franceses un legado sociocultural imprescindible;
  - FICHAS INTERDISCIPLINARES, para ver como se poden descubrir temas doutras materias en francés.

| **10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS PREVISTAS** |
| --- |
| **1° TRIMESTRE:**<br>**REFORZO DO VOCABULARIO DE HALLOWEN CON UNHA PEGADA DE DEBUXOS,CON PREMIOS MOI DOCES**<br>**LA CHANDELEUR,ELABORACION DA RECEITA DAS FILLOAS FRANCESAS E ANALISE DOS HABITOS QUE COMPRENDE(video)**<br>**REALIZACION DE ADORNOS DO NADAL RECICLADOS**<br>**NADAL EN FRANCIA ,DIFERENZAS CON ESPAÑA CULINARIAS,TRADICIONES…**<br>**CANTOS “vive le vent”(video)** |

**FACILE 1** é un método de francés organizado en 4 niveis destinado a alumnos de secundaria, debutantes . É apropiado para desenvolver convenientemente un programa de ensino-aprendizaxe para os alumnos da ESO, de acordo coas especificacións da LOMCE, propón unha distribución dos contidos que cobre ao redor de 70 horas por nivel.

O primeiro nivel do método ten como obxectivo a adquisición do nivel A1 fixado polo Marco Europeo Común de Referencia; nivel que poderá ser obxectivamente certificado polo DELF

## 11. DATOS DO DEPARTAMENTO

| **DATOS DO DEPARTAMENTO** | | | |
|---|---|---|---|
| **PROFESOR/A.......** | **MATERIAS QUE IMPARTE** | **CURSOS** | **GRUPOS** |
| **Gloria Huerga Suarez** | **Francés** | **1º,2º,3,4º da ESO,1º BAC** | **1ºA,1ºD ; 2ºA, 2ºD, ; 3ºB-C**<br>**1ºBac A- 2 a** |
| **Maria Jose Veiga Lopez** | **Francés** | **1º,2º,3º,4º da ESO**<br>**2º de BACH** | **1ºC,2ºA,2ºB, 3ºA-B,4 A**<br>**2ºBac A-B 1BAC A** |

## 12. RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/07/2015 (DOG 29)

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa define currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. Especifica ademais que estará integrado polos seguintes elementos: obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables e metodoloxía didáctica.

# PROGRAMACIÓN

# Departamento de Francés

# 4º ESO 2022 2023

| 1.- INDICE | | Páxina |
|---|---|---|
| 1 | **ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN** | **1-3** |
| 2 | **CONCEPTOS CLAVE DA PROGRAMACIÓN** | **4-6** |
| 3 | **CONTEXTO** | **6-8** |
| | Características do centro e do alumnado. | |
| | Obxectivos adaptados ao contexto | |
| 4 | **SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN** | **9-10** |
| | Secuenciar e temporalizar os contidos por unidades e /ou proxectos | |
| 5 | **RELACIONAR PARA CADA UNIDADE:** | **11-15** |
| | Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares | |
| | Grao mínimo de consecución | |
| | Peso na cualificación | |
| | Instrumentos de avaliación | |
| | Temas transversais | |
| 6 | **METODOLOXÍA DIDÁCTICA:** | **15-18** |
| | Estratexias metodolóxicas | |
| | Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos | |
| 7 | **AVALIACIÓN** | **18-22** |
| | **Avaliación inicial** | |
| | Procedemento para a avaliación inicial | |
| | **Avaliación continua** | |
| | Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar | |
| | Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc. | |
| | Elaboración da nota media | |
| | Recuperación dunha proba ou exame | |
| | Recuperación dunha avaliación | |
| 8 | **OUTRAS AVALIACIÓNS** | **23-29** |
| | **Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente** | |
| | Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino | |
| | Indicadores de logro da práctica docente | |
| | **Avaliación da programación didáctica** | |
| | Indicadores de logro sobre a programación didáctica | |
| 9 | **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** | **29-30** |
| | Medidas ordinarias: Organizativas e curriculares | |
| | Medidas extraordinarias: Organizativas e curriculares | |
| 10 | **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES** | **31** |
| | Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA. | |
| 11 | **DATOS DO EQUIPO DE NIVEL** | **31** |
| 12 | **RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/07/2015 (DOG 29)** | **32** |

**DEBIDO Á COVID-19**

Dado as circunstancias excepcionais que estamos a vivir, o Departamento debe prever todos os escenarios posibles coa finalidade de desenvolver o curso académico da mellor maneira posible.

Ademais do libro de texto, completarase os contidos con material elaborado polas profesoras.

Todas as fichas, dossiers e demais material complementario estará colgado na aula virtual do centro, de modo que todo o alumnado matriculado poida seguir as clases.

Os criterios de cualificación podrán modificarse según as novas instruccións por parte da Consellería de Educación.

**Semipresencial:**

En caso de ensino semipresencial, o alumnado resolverá todas as dúbidas que poida ter nas aulas e o traballo telemático consistirá en exercicios das distintas destrezas comunicativas, ademais das probas de gramática e de léxico.

É dicir que a parte expositiva dos contidos faranse presencialmente e a parte máis práctica telemáticamente. Do mesmo xeito, o traballo da produción oral realizarase presencialmente. O devandito traballo telemático realizarase mediante Aula Virtual, correo electrónico e se for preciso, vía telefónica.

Os exames faranse presencialmente sempre que for posíbel. No caso de que o alumnado non poida acudir ao centro para realizar os exames, estes faranse noutra data concertada polo-a alumno-a e pola profesora, ou en videoconferencia e/ou a través da aula virtual. Os criterios de calificación serán os mesmos que a modalidade presencial.

**Telemático:**

No caso de que algún-algunha alumno-a estivese en corentena por ser sospeitoso de Covid-19, poderá encontrar na aula virtual do centro o material complementario facilitado pola profesora. Tamén, o alumnado poderá consultar todas as dúbidas que teña vía correo electrónico e se for preciso, mediante videoconferencia.

No caso dun posible confinamento e peche do centro, seguiranse cos contidos previstos na programación didáctica de departamento.

Para seguir coas clases, a profesora fará conexión no seu horario para o devandito grupo. Tamén, empregarase o correo electrónico e se for preciso o teléfono para axudar ao alumnado a seguir coa aprendizaxe.

Por outra banda, poderase efectuar vídeoclases a maiores para o alumnado con máis dificultades.

Para avaliar o alumnado, se for posíbel, faranse probas de modo presencial. Se non for posíbel, faranse os exames previstos en cada avaliación vía videoconferencia ou a través da aula virtual, segundo o tipo de proba.

No caso que a profesora tivese que estar en corentena, seguirá co proceso de aprendizaxe vía telemática. Os criterios de calificación: 30% traballo realizado na aula, 70% exercicios telemáticos/exámenes. No caso de non haber notas de clase o traballo telemático/exámenes valorarase co 100%.

***Subliñamos aquí que se un-unha alumno-a non pode realizar algún exame por presentar sintomatoloxía, farase outra proba noutra data.***

***Con todo, levarase un control exhaustivo das devanditas ausencias e contactarase coas familias para constatar que a ausencia sexa realmente xustificada, en caso de alumno-a reincidente.***

Pola outra banda, no caso de que o centro feche e o ensino pase a ser telemático, subliñamos que o ensino-aprendizaxe terá que mudar, isto é, daranse os contidos mínimos esixibles previstos nesta programación (ver contidos mínimos esixibles para cada curso) coa finalidade de afondar neles con maior eficiencia.

## CONTIDOS NON IMPARTIDOS DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE

Debemos subliñar que as aprendizaxes non impartidas durante o terceiro trimestre será recuperado ao longo deste curso académico e serán integradas nos contidos preestablecidos do currículo para cada nivel. Así pois, os mecanismos de recuperación e de reforzo, en referencia ao terceiro trimestre do curso 2019-2020, serán:

### 4ºESO

**Os contidos non impartidos para este grupo son os seguintes:**

* Exprimer l’opinion, la cause et la conséquence

* L’expression de la fréquence

* Réaliser un itinéraire et les prépositions de lieu

* Les logements (en 2LEF)

* Les animaux

* Les coutumes

* Le climat

Sabendo que a materia de lingua francesa é continua e que o currículo retoma os aspectos máis importantes da lingua ao longo da etapa da ESO,traballaremos estos contidos según vaian aparecendo nas determinadas unidades didácticas.

Por outra banda, as dúas primeiras semanas serán reservadas para realizar unha **avaliación inicial** e un repaso xeral dos contidos de 3ºESO coa finalidade de saber en que punto partimos.

**A metodoloxía** a empregar será a da adquisición da competencia comunicativa co traballo das destrezas CO, CE, PE, PO así como o desenvolvemento dunha competencia dixital idónea, sendo primordial en caso de modalidade semipresencial ou a distancia. Para iso, traballaremos cun proxecto ou fío condutor ao longo do curso académico sendo o descubrimento da canción francófona. No caso de que o ensino sexa semipresencial ou non presencial manterase a devandita metodoloxía como explicamos anteriormente.

## 1. ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa define currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. Especifica ademais que estará integrado polos seguintes elementos: obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables e metodoloxía didáctica.

Os obxectivos expostos para o primeiro ciclo da ESO na área de segunda lingua estranxeira tradúcense nun currículo básico que, integrando todos os aspectos que conforman a comunicación lingüística, se estrutura en catro bloques correspondentes ás distintas actividades da lingua, tal como estas se describen no MCER: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

Os contidos previstos concrétanse en criterios de avaliación, que son referentes específicos para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que os alumnos deben lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se quere conseguir en cada materia.

No relativo á competencia comunicativa, que constitúe o corazón da materia segunda lingua estranxeira, os criterios de avaliación para o 1° ciclo da ESO (BOE do 3 de xaneiro de 2015) son os seguintes.

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.

Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto (p. ex. unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

**Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

Producir textos breves e suficientemente comprensibles, tanto en conversacións cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, en que se dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiáns e asuntos coñecidos ou de interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións ou vacilacións, se fagan necesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves en forma de monólogo ou de diálogo e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos de que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.

Incorporar á produción do texto oral en forma de monólogo ou de diálogo os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa suficiente propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos sinxelos de uso máis común para organizar o texto.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e de mecanismos sinxelos de cohesión e coherencia (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás.
Pronunciar e entoar de maneira suficientemente comprensible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro, se cometan erros de pronuncia esporádicos, e os

interlocutores teñan que solicitar repeticións ou aclaracións. Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que haxa que interromper o discurso para buscar palabras ou articular expresións e para reparar a comunicación. Interactuar de maneira simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

**Bloque 3: Comprensión de textos escritos**

Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante do texto. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. ex. >, %, ⌡), e os seus significados asociados.

**Bloque 4: Produción de textos escritos: expresión e interacción**

Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizando recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis frecuentes.

Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p. ex. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía e de etiqueta máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual para organizar o texto escrito de maneira sinxela.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos ou bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar informacións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás. Coñecer e aplicar, de maneira suficiente, para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais (p. ex. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficas frecuentes na redacción de textos moi breves en soporte dixital.

## 1. CONCEPTOS CLAVE

A LOMCE lembra que o Consello Europeo reunido en Barcelona en 2002 recolle entre as súas conclusións a necesidade de coordinar esforzos a favor dunha economía competitiva baseada no coñecemento, e insta os Estados membros da Unión Europea a desenvolver accións educativas conducentes á mellora do dominio das competencias clave, en particular mediante o ensino de polo menos dúas linguas estranxeiras desde unha idade moi temperá. No mesmo sentido, e en relación coa aprendizaxe ao longo da vida, o Consello de Europa sinala que a finalidade da educación lingüística no mundo de hoxe non debe ser tanto o dominio dunha ou máis segundas linguas tomadas illadamente, como o desenvolvemento dun perfil plurilingüe e intercultural integrado por competencias diversas en distintas linguas e a diferentes niveis, en función dos intereses e necesidades cambiantes do individuo. Así, para fomentar e facilitar a construción dun repertorio plurilingüe e intercultural, os currículos das etapas da ESO e do Bacharelato inclúen, con carácter específico, a materia de segunda lingua estranxeira. Seguindo o sistema descritivo do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), o currículo de segunda lingua estranxeira correspondente a estas etapas recolle os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables que articularán a materia, co fin de que o alumnado poida desenvolver no segundo idioma que escollese, en sinerxía cos ensinos da segunda lingua estranxeira na etapa de Educación Primaria, as competencias clave que lle permitan desenvolverse no devandito idioma con sinxeleza, pero con suficiencia, nas situacións máis habituais en que poida atoparse nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.

De modo que a competencia de comunicación en lingua estranxeira é de seu unha competencia clave.

Pero, pola súa propia natureza, a materia de lingua estranxeira permite, de maneira transversal, axudar ao desenvolvemento das demais competencias clave e contribuír ao desenvolvemento dos alumnos como persoas, estudantes, cidadáns e profesionais. As competencias garantirán a aprendizaxe ao longo de toda a vida das persoas, cuxo proceso non debe deterse nas etapas obrigatorias da súa educación.

Segundo a recomendación do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, identificáronse as seguintes competencias:

**Comunicación lingüística**

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Con distinto nivel de dominio e formalización especialmente en lingua escrita, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunha delas e así enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Igualmente, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida. Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sustentabilidade do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas á capacidade crítica e visión razoada e razoable das persoas. A iso contribúen a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: a) A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, o contraste de ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social. As competencias en ciencia e tecnoloxía capacitan a cidadáns responsables e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar, basicamente, para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá –persoal e social– analogamente a como se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

**Competencia dixital**

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, e a inclusión e participación na sociedade. Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nunha contorna dixital. Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Isto leva ao coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e ao procesamento da información; e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.

**Aprender a aprender**

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con iso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe. En segundo lugar, en canto á organización e xestión da aprendizaxe, a competencia de aprender a aprender require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e ás demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.

**Competencias sociais e cívicas**

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social. Trátase, por tanto, de axuntar o interese por profundar e garantir a participación no funcionamento democrático da sociedade, tanto no ámbito público como privado, e preparar as persoas para exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas e ao compromiso de participación activa e democrática.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto. Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral en que se moven as persoas, e permítelles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o cimento doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados. A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, e contribúe así á cultura do emprendemento. Neste sentido, a súa formación debe incluír coñecementos e destrezas relacionados coas oportunidades de carreira e o mundo do traballo, a educación económica e financeira ou o coñecemento da organización e os procesos empresariais, así como o desenvolvemento de actitudes que leven un cambio de mentalidade que favoreza a iniciativa emprendedora, a capacidade de pensar de forma creativa, de xestionar o risco e de manexar a incerteza.

**Conciencia e expresións culturais**

A competencia en conciencia e expresión culturais implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras.

## 2. CONTEXTO

O I.E.S Vilar Ponte é un centro público dependente da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia. O Centro está formado por dous edificios máis un ximnasio e un polideportivo compartido co outro instituto do concello.

O CONTORNO

Está situado no concello de Viveiro, que é un concello do norte da provincia de Lugo pertencente á Comarca da Mariña Occidental. Ten unha poboación de máis de 16.000 habitantes distribuída nas seguintes Parroquias: Santa María e Santiago (6.160 habitantes, 5.9 $Km^2$), Santiago de Celeiro (2.048 habitantes, 4.5 $Km^2$), Santa María de Galdo (648 habitantes, 18.5 $Km^2$), San Xoán de Covas (3.320 habitantes, 13.2 $Km^2$), San Xiao de Landrove (367 habitantes, 3.8 $Km^2$), Santa María de Magazos (72 habitantes, 10.9 $Km^2$), Santa María de Chavín (304 habitantes, 9.1 $Km^2$), San Cibrao de Vieiro (663 habitantes, 3.7 $Km^2$), San Pedro (402 habitantes, 2.8 $Km^2$), San Xiao de Area-Faro (185 habitantes, 4.7 $Km^2$), Santo André de Boimente (194 habitantes, 19.9 $Km^2$) e San Estevo de Valcarría (146 habitantes, 9.3 $Km^2$).

O centro dispón de comedor escolar.

Situación socioeconómica do alumnado:

A maioría das familias encadraríanse dentro da clase media. En canto á situación da residencia familiar predominan o alumnado que provén dos núcleos de poboación de Celeiro, Viveiro centro, Covas e o centro urbano do Vicedo, combinados cunha poboación moi rural diseminada polos concellos de O Vicedo, Ourol, Muras e a parte sur do concello de Viveiro.

No tocante ao aspecto cultural, a grande maioría dispón de libros de lectura e de consulta na casa e, no caso de non dispor deles, acoden á Biblioteca Municipal. A maioría dispón dun lugar de estudo na súa casa.

A media de matrícula nos últimos anos supera os 750 estudantes por curso.

O alumnado dispón de transporte escolar.

O Centro ofrece os seguintes estudios:

Réxime ordinario:

Educación Secundaria Obrigatoria

Programas de Diversificación curricular de dous anos

Bacharelatos nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais.

No proxecto educativo de centro atopamos, entre outros, os seguintes puntos relativos á concreción do currículo (moitos dos cales serán tratados en profundidade noutros apartados da presente programación):

**Adecuación dos obxectivos xerais da ensinanza ao contexto do centro e ás características do alumnado:** Esta programación fíxose tendo en conta o contexto do centro e as características do alumnado, analizadas anteriormente.

**Criterios xerais de metodoloxía:** Partindo da liña construtivista da aprendizaxe escolar, a metodoloxía a seguir deberá procurar que o alumno ou alumna sexa un elemento activo do proceso de ensino-aprendizaxe. Para levar a cabo este punto, úsanse as seguintes ferramentas:

Agrupamento axeitado do alumnado tratando de fomentar que cada grupo funcione da mellor forma posible.

Agrupamentos específicos para axudar ao alumnado con dificultades nas materias de lingua e matemáticas.

Programas de diversificación curricular para posibilitar que certo alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe poidan optar a acadar o título da ESO.

**Educación en Valores:** Véxase punto 17 da programación.

**Criterios xerais sobre avaliación e promoción do alumnado:** A proposta da CCP foi aprobado en Consello Escolar que o alumnado de cuarto da ESO obterá o título sempre que aprobe todas as materias ou teña unha avaliada negativamente cunha cualificación de tres puntos ou superior.

**Liñas xerais de atención á diversidade:** Véxase punto 12 da programación.

**Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso:** A este alumnado facilitaránselle actividades e tarefas

no PEC. adaptadas ás súas capacidades coa finalidade de que consiga acadar o nivel axeitado na materia e lograr superala.

**Plan de integración das TIC:** Véxase o punto 15 da programación.

**Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes:** Esta programación adecúase ao modelo que figura

## 3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

| AV | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Tema UD | Bloque | Contido | Ref | Temporalización | | Probas av |
| | | | | | | | Meses | Sesións | |
| 1º Av | A | Contenidos competenciales sintáctico-discursivos | 0 | B 0.1 | Expresión de relacións lóxicas: conxunción (non seulement…mais aussi); disxunción (ou bien); oposición/concesión (cependant); causa (car); finalidade (de façon à, de manière à + Inf.); | 0 | Sep | 4 | |
| | | | 1 | B 1.1 | Comparación (le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que; (ex: Il n'est pas aussi intelligent que toi); consecuencia (alors, donc); explicativas (ainsi, car). | 1 | Oct | 8 | X |
| | | | | B 1.2 | Relacións temporais (puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.). | | | | |
| | | | 2 | B 1.3 | Exclamación (Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est parti!). | 2 | Nov/Dic | 15 | X |
| | | | | B 1.4 | Negación (ne…jamais, ne… rien, ne… personne, ne…plus). | | | | |
| | | | | B 1.5 | Expresión do tempo: presente (verbos irregulares), pasado (passé composé, imparfait), | | | | |
| | | | | B 1.6 | Futuro (futur proche, futur simple), condicional (fórmulas de cortesía e | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | consello). | | | | |
| | | | 1 | B 1.7 | Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (en + date), | 1 | | | |
| | | | | B 1.8 | Habitual (parfois, jamais), incoativo (futur proche), terminativo (passé récent). | | | | |
| | | | 2 | B 1.9 | Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (arriver à faire); posibilliade/probabilidade (il est probable que, probablement); necesidade; | 2 | | | |
| | | | | B 1.10 | Obriga/prohibición (c'est à qui de…? c'est à+pron. tonique/nom+ de + Inf., interdit de); permiso; intención/desexo (décider de faire qqch., j'aimerais beaucoup faire qqch.) ; cortesía. | | | | |
| | B | Contenidos competenciales léxicos | 1 | B 1.11 | Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía (prefixos (anti, hyper) e sufixos (-ette, -elle), pronomes persoais, pronomes demostrativos; | 1 | | | |
| | | | | B 1.12 | Pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivais (où, dont); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos). | | | | |
| | C | Contenidos competenciales fonético-fonológicos | 1 | B 1.13 | Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos). Adverbios de cantidade e medidas (beaucoup de, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieur(s)); o grao. | 1 | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | |
| | | | 2 | B 1.14 | Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination; pronome " y "). | 2 | | | |
| | | | 3 | B 1.15 | Expresión do tempo: puntual (tout à l'heure, à ce moment-là, au bout de); divisións (semestre, période, au moment où); indicacións de tempo (la semaine dernière, le mois dernier,); duración (encore / ne…plus); anterioridade (déjà, ça fait…que);posterioridade (ensuite, puis); secuenciación (puis, enfin); simultaneidade (pendant, alors que); frecuencia (toujours, souvent, pas souvent, parfois, jamais).<br>Expresión do modo: (Adv. de manière en –ment). | 3 | | | |

## 1. RELACIONAR PARA CADA UNIDADE

| | | | | | | TEMAS TRANSVERSAIS | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Tema UD | Id Cont | Id Cri | Id Est | Comp Cl | Estándares De Aprendizaxe | Grao Mín Consec | Peso Cuali | Temas Transversais | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | Prob Esc | Prob Oral | Trab Ind | Cad Cla | C L | EOE | C A | TIC | EMP | EC | PV |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | B 1.1 | B 1.1 | SLE B 1.1 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de compresión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas. | 100% | 10% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.2 | B 1.2 | SLE B 1.2 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | 75% | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.3 | B 1.4 | SLE B 1.4 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. | 75% | 20% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.4 | B 2.2 | SLE B 2.2 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br>CSIEE | Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. | 50% | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | X | X | | |
| | B 1.5 | B 2.3 | SLE 2.3 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br>CSIEE | Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico. | 100 % | 20% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.6 | B 2.4 | SLE 2.4 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle | 20% | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | repitan os puntos clave se o necesita. | | | | | | | | | | | | | |
| | B 1.7 | B 3.1 | SLE 3.1 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes deT extos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe. | 75% | 5% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.18 | B 3.3 | SLE 3.3 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.19 | B 4.1 | SLE 4.1 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans). | 75% | 5% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.20 | B 4.2 | SLE 4.2 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova). | | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.25 | B 2.2 | SLE 2.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | 75% | 20% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.26 | B 2.5 | SLE 2.5 | CCL<br>CAA<br>CCEC | Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.28 | B | SLE 3.3 | CCL | Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a | 25% | 5% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 3.3 | | CAA<br>CCEC | e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | | | | | | | | | | | | | |
| 2 | B 1.8 | B<br>1.1 | SLE 1.1 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de compresión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas. | 75% | 20% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.9 | B<br>1.2 | SLE 1.2 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | 100% | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.10 | B<br>1.4 | SLE 1.4 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. | 100% | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.11 | B<br>2.2 | SLE 2.2 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br>CSIEE | Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. | 100% | 20% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.12 | B<br>2.3 | SLE 2.3 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br>CSIEE | Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico. | 100% | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.13 | B<br>2.4 | SLE 2.4 | CCL<br>CAA | Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira | 100% | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | CSC<br>CCEC | sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. | | | | | | | | | | | | | |
| | B 1.14 | B 3.1 | SLE 3.1 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes deT extos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe. | 75% | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.21 | B 3.3 | SLE 3.3 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | 50% | 20% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.22 | B 4.1 | SLE 4.1 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans). | 50% | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.23 | B 4.2 | SLE 4.2 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova). | 50% | 20% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | X | X | | |
| | B 1.24 | B 2.2 | SLE 2.2 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | 50% | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |
| | B 1.27 | B 2.5 | SLE 2.5 | CCL<br>CAA<br>CCEC | Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para | 75% | 20% | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | entender e facerse entender. | | | | | | | | | | | | | |
| | B 1.29 | B 3.3 | SLE 3.3 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | 75% | | 60% | 15% | 20% | 5% | X | X | | | | | |

## 6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de pór en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón, en primeiro lugar, considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, en que se materializan conxuntamente todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Sen que o enfoque orientado á acción desatenda en ningún momento a análise, o estudo e a práctica das distintas competencias que capacitarán o alumnado para construír e decodificar textos, non debe esquecerse que son as actividades de comprensión e produción dos devanditos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real. Por todo iso, e para que o alumnado poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, é conveniente que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula como na aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os alumnos haberán de ser capaces de comprender e de producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda que son diversas e motivadoras, teñan sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliables para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva.

Os nosos principios metodolóxicos son os seguintes:

-Partir da vida real dos alumnos e das súas experiencias concretas para obter un aprendizaxe significativo.

-Ter en conta o que saben xa para servir de apoio ós novos aprendizaxes.

-Animar á reflexionar, a confrontación de opinións e a exteriorizar as emocións.

-Respectar as particularidades de cada alumno adaptando os métodos, as actividades e os recursos aportados. Traballar a coeducación e a non discriminación sexual.

-Utilizar técnicas e soportes variados que nos permitan o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa.

-Favorecer a autoavaliación  como ferramenta para pór de relevo a realidade e xulgala obxectivamente.

-Acostumar ó traballo en grupo, poñendo en común capacidades e intereses, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidaridade, axudando ás tomas de decisión colectivas, orientando as confrontacións.

-Crear un ambiente de colaboración de distribución de tarefas e de responsabilidades, de identificación da cultura propia, de respecto ó patrimonio natural e cultural propio e dos demais. Desenvolver o espírito de cidadanía.

-Suscitar as argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto ós outros, a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica.

Para cumpri-los obxectivos das ensinanzas dos idiomas modernos, é necesario utilizar unha metodoloxía activa, flexible e sobre todo, centrada no alumno. Para iso, o alumno debe se-lo elemento activo da clase, sendo o profesor o mero promotor da actividade. Todo elo permitirá ó alumno que aprenda a se comunicar cos seus compañeiros no idioma estranxeiro e que perda a vergonza a utilizar unha lingua distinta da materna. Programaremos pois actividades que permitan ós alumnos intercambiar información e interaccionar ,en parellas ou en pequenos grupos.

A finalidade é ensinar a se comunicar nunha lingua estranxeira para o que hai que adoptar un enfoque baseado na comunicación e orientado á adquisición dunha competencia comunicativa. Esta inclúe diferentes sub-competencias  :gramatical, discursiva, sociolingüística, estratéxica e sociocultural.

É esencial o desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas, aínda que a miúdo é necesario centra-la actividade nunha destreza concreta, o fin último será a integración das catro.

Ademais de prestar especial atención ás catro destrezas , temos en conta tamén as destrezas de estudo e aprendizaxe das linguas e o desenvolvemento de estratexias.

A comprensión oral

O alumno ten acceso a unha exposición de lingua ampla e variada (gravacións, profesor..), para poder elaborar hipóteses de sentido que logo irá verificando.

Hai un gran número de actividades destinadas a este fin como actividades de relacionar, repeticións, ditados, toma de notas etc.

A comprensión escrita

Unha gran variedade de documentos (textos curtos, cómic, magazine ) están destinados a descubri-la comprensión escrita con axuda de actividades do tipo: busca de información, completar espazos en branco etc.

A expresión oral

Estimularémo-lo uso do francés no aula por medio dunha gran variedade de actividades individuais, en grupo, por parellas, Proporcionaránselles as estruturas, o vocabulario e os modelos que poderán utilizar na realización de dita tarefa.

Asimesmo o profesor servirase do encerado para escribir palabras e expresións que  servirán ó mesmo fin.

A expresión escrita

Pequenos textos escritos polos alumnos en grupos serán logo expostos á clase e avaliados por eles mesmos. Modelos proporcionados con anterioridade axudarán ós alumnos en dita actividade.

Todas estas actividades desenvólvense expoñendo ó alumno a unha gran diversidade de situacións e contextos, o que lles permiten interaccionar cos materiais de forma individual e con compañeiros

Estas son o medio a través do que os alumnos adquiren os contidos necesarios para desenvolve-la súa competencia comunicativa.

Estas actividades teñen que simular e imita-la comunicación, da mesma forma que se produce nunha situación real aínda que realícense no aula e deben estar contextualizadas na realidade. Mediante elas o alumno aprende e practica os contidos, utilízaos cun fin comunicativo e reutiliza outros xa traballados.

O traballo en grupo das actividades orais a veces resulta difícil de controlar e de corrixi-los erros pero cremos que só en situacións entre iguais (alumnos) conseguirémo-la comunicación máis asemellada á real.

Estableceremos un voceiro, diferente en cada actividade, que será o encargado de expoñe-lo resultado do traballo ou a opinión do grupo e que poderá ser valorado polo resto dos compañeiros. As actitudes de colaboración e respecto póñense de relevo neste tipo de actividades.

-Concretamente o noso método de traballo apoiase no libro de texto elixido, que consta de 6 módulos cada un de 5 leccións, das cales 4 aportan coñecementos e a 5ª destinase a medir o progreso ó curso do módulo.

A lingua que enseamos e unha lingua funcional que sirve nas situacións de comunicación próximas à vida real dos rapaces. Tamén introdúcense situacións imaxinarias para provocar a sorpresa e incitalos a falar.

A gramática tamén e simple e funcional e sempre se presenta en situacións a partir de xogos, mensaxes ou minirelatos.

En canto ó vocabulario, serviranos para que poda ser memorizado e que nos axude a que a comunicación sexa rápida. As veces ese vocabulario memorízase dentro de estruturas globais.

Procuraremos que o alumno pronuncie ben dende o comezo. Dentro de cada módulo explicaremos os fonemas mais difíciles por medio de xogos ou frases humorísticas . O ritmo e a entoación traballaranse grazas á memorización de pequenos diálogos.

Facemos fincapé no paso do escrito ó oral. Sabemos que o contacto ca lingua escrita e mais doado có contacto co oral; empezamos pois lendo e traducindo en voz alta. Sempre nos apoiaremos nas gravacións para verificar esas lecturas.

Si o tempo e o desenrolo da clase nolo permite , cada dous módulos terminaremos cunha “tâche globale” chamada Projet onde os alumnos integrarán as catro destrezas.Van practicar oral he escrito a expresión e a comprensión o traballo individual e o colectivo.

Reforzamos a adquisición de competencias có caderno de exercicios que serán traballados na casa e corrixidos na clase en voz alta.

Antes de empezar un módulo, comunicamos ó alumno cales van ser as adquisicións , para así implicalo no traballo e que sinta que os exercicios a realizar teñen unha finalidade práctica.

Seguimos o desenrolo de cada unha das leccións realizando as diferentes actividades propostas e apoiamos estas actividades con diferentes exercicios que figuran no caderno.

Rematamos o módulo revisando todos os contidos, tanto nos apartados de comunicación como de fonética e civilización-

Os tests de expresión oral servirannos para facer un balance tamén do adquirido nesa competencia.

A utilización das TIC axuda ó alumno a desenvolver xeitos para obter informacións que transformará logo en coñecementos

## 7. AVALIACIÓN

A avaliación está no corazón do currículo proposto pola LOMCE, como se desprende da propia tipificación dos contidos: cada un dos catro bloques de contidos comprende, para cada conxunto de actividades, os **criterios de avaliación** e os **estándares de aprendizaxe avaliables,** entre os que existe unha relación non unívoca debido á especial natureza da actividade lingüística; isto supón que, para avaliar o grao de adquisición das diversas competencias necesarias para levar a cabo as accións recollidas en cada un dos estándares de aprendizaxe, haberán de aplicarse todos e cada un dos criterios de avaliación descritos para a actividade correspondente; á súa vez, dos estándares de aprendizaxe haberán de derivarse os correspondentes contidos competenciais (estratéxicos, socioculturais e sociolingüísticos, funcionais, sintáctico-discursivos, léxicos, fonético-fonolóxicos, e ortográficos) cuxo grao de consecución se avaliará coa aplicación dos criterios respectivos.

